

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADÉ NO MARCO DO DISPOSTO NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA DO DECRETO 168/2008, DO 24 DE XULLO, POLO QUE SE REGULAN AS AGRUPACIÓNS DAS SECRETARÍAS DE XULGADOS DE PAZ.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Vicepresidencia Primeira e Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o financiamento da contratación laboral do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz do concello, sempre e cando o veña realizando sen relación laboral coas administracións públicas e acredite un tempo de desempeño superior aos cinco anos, ou ben, o concello tivese procedido á súa contratación no ano 2021 ao abeiro da disposición transitoria do Decreto 168/2008, do 24 de xullo.

Antecedentes: Dende o ano 2009 vense asinando convenios de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e diversos Concellos no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz.

Mediante o Decreto 134/2016, do 22 de setembro, aprobouse a fusión voluntaria dos Concellos de Cerdedo e Cotobade, constituíndose o novo Concello de Cerdedo-Cotobade, cos límites territoriais correspondentes aos dous concellos fusionados e subrogándose o novo concello da totalidade dos dereitos e obrigas dos concellos fusionados. A capitalidade do novo concello radica no núcleo de Chan, parroquia de Carballedo, no antigo Concello de Cotobade. Por outra banda, mediante a Orde JUS/1010/2017, do 13 de outubro, o Ministerio de Justicia procedeu, con data 1 de xaneiro de 2018, á supresión dos Xulgados de Paz de Cerdedo e de Cotobade e dispuxo a entrada en vigor do funcionamento do Xulgado de Paz de Cerdedo-Cotobade.



Tanto o suprimido Concello de Cerdedo como o de Cotobade, de conformidade coa disposición transitoria primeira do mencionado Decreto 168/2008, do 24 de xullo, que ten por obxecto instrumentar a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e determinados Concellos para o financiamento da contratación laboral por parte destes do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz, viñan asinando anualmente os respectivos convenios de colaboración para este fin ata o ano da súa fusión; a partir dese ano o convenio asinouse co novo concello de Cerdedo-Cotobade.

É vontade do Concello de Cerdedo-Cotobade seguir mantendo unha atención ao cidadán, en todas as tarefas relacionadas co xulgado de paz, na oficina que antes ocupaba o suprimido xulgado de paz de Cerdedo, coa finalidade de aproximar a administración de xustiza aos cidadáns e, deste modo, poidan seguir solicitando os trámites de natureza xudicial, especialmente as referidas ao rexistro civil, nas mesmas instalacións que viñan empregando en anos anteriores. Para este fin o Concello de Cerdedo-Cotobade manterá a contratación laboral da persoa que viña desempeñando as funcións de secretario do Xulgado de Paz de Cerdedo, de modo que pasa a ser a encargada desta atención aos cidadáns, no ámbito da xustiza de paz, dos núcleos de poboación mais próximos á antiga sede do xulgado de paz suprimido.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Cerdedo-Cotobade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

O convenio que se pretende asinar co Concello de Cerdedo-Cotobade **ten por obxecto** fomentar a contratación por parte deste, do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz de Cerdedo-Cotobade, sempre e cando o veña realizando sen relación laboral coas administracións públicas e acredite un tempo de desempeño superior aos cinco anos, ou ben, o concello tivese procedido á súa contratación no ano 2021 ao abeiro da devandita disposición transitoria do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, así como o financiamento da contratación laboral por parte do Concello, do persoal idóneo que viña desempeñando as funcións da secretaría do suprimido xulgado de paz de Cerdedo, e que será a encargada da atención aos cidadáns dos núcleos de poboación mais próximos á antiga sede do xulgado de paz suprimido.

O instrumento convencional que se pretende formalizar **fundaméntase** no seguinte:





- A través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro (BOE do 17 de decembro de 1996), traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos que dentro do territorio de Galicia desempeñaba a Administración do Estado sobre revisión e aprobación das agrupacións das secretarías de xulgados de paz, fixación do seu cadro de persoal e adscrición, se é o caso, de funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, aos xulgados de localidades de máis de 7.000 habitantes e aos que pola carga de traballo se considere xustificadas.
- Froito do exercicio da anterior competencia é o Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz (*DOG do 12 de agosto de 2008*) que, na súa disposición transitoria primeira, establece que en tanto non se revoguen ou deixen sen efecto polos concellos ou a consellería competente, respectivamente, as designacións de persoal idóneo das secretarías dos xulgados de paz, este persoal deberá colaborar nas funcións propias das secretarías, para o cal no seu apartado segundo senta as bases para dignificar as condicións de traballo deste colectivo que, sen relación laboral coas administracións públicas, e ao abeiro do artigo 50.3 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, está a desempeñar, por un tempo superior aos cinco anos, as funcións nas secretarías de xulgados de paz en localidades de menos de sete mil habitantes.
- Neste senso, para garantir a colaboración do persoal idóneo nas funcións propias das secretarías de paz en dignas condicións de emprego, o devandito Decreto prevé a formalización de convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e as administracións locais para fomentar a contratación deste persoal por parte das administracións locais competentes, coas limitacións previstas na referida disposición.

Financiamento: co fin de fomentar a contratación do persoal idóneo como administrativo ou no seu defecto, auxiliar administrativo por parte do Concello, a Vicepresidencia Primeira e Consellería Presidencia, Xustiza e Turismo (a través da Dirección Xeral de Xustiza) financiará ao Concello de Cerdedo-Cotobade os gastos subvencionables sinalados na cláusula segunda, con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.461.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

O expediente de gasto asociado á sinatura dos convenios tramitarase como expediente anticipado de gasto, artigo 1º apartado 1.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 da Consellería de Economía e Facenda modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001,





pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando a súa eficacia sometida á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente para financiar as obrigas do convenio.

A contía máxima da subvención será de 19.000,00 € coa seguinte distribución:

- Ata un máximo de nove mil cincocentos euros (9.500,00 €) para a contratación laboral por parte do Concello de Cerdedo-Cotobade, do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz de Cerdedo-Cotobade.
- Ata un máximo de nove mil cincocentos euros (9.500,00 €) para a contratación laboral por parte do Concello de Cerdedo-Cotobade, do persoal idóneo que desempeñaba a secretaría do suprimido xulgado de paz de Cerdedo, e que a partir do 1 de xaneiro de 2018 foi encargada da atención aos cidadáns dos núcleos de poboación máis próximos á antiga sede do xulgado de paz suprimido.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Juan José Martín Álvarez

O director xeral de Xustiza

